



## ACTA

<b>Expediente núm.:</b>	<b>Órgano Colexiado:</b>
XGL/2018/1	A Xunta de Goberno Local

DATOS DE DESENVOLVEMENTO DA SESIÓN	
<b>Tipo Convocatoria</b>	Ordinaria
<b>Data</b>	8 de xaneiro de 2018
<b>Duración</b>	Desde as 20:03 ata as 20:20 horas
<b>Lugar</b>	SALA DE SESIÓNS
<b>Presidida por</b>	XOSE MANUEL PAZOS VARELA
<b>Secretario</b>	BERTA ALONSO SOTO

ASISTENCIA Á SESIÓN		
DNI	Nome e Apelidos	Asiste
77010633D	ANDRES GARCIA BASTON	SÍ
73240505H	HÉITOR MERA HERBELLO	SÍ
76807564F	LOURDES RIAL PARDO	NON
78730184B	MARIANO ABALO COSTA	SÍ
76811297Z	MERCEDES GIRALDEZ SANTOS	SÍ
78734984G	SUSO PEREZ GALLEGO	SÍ
53113479Q	TANIA CASTRO PAREDES	NON
78739263M	TOMÁS HERMELO ÁLVAREZ	SÍ
76328194A	XOSE MANUEL PAZOS VARELA	SÍ
34907283E	XOÁN CHILLÓN IGLESIAS	SÍ
78736615W	ÁNXELA VIZOSO MARCOS	NON



Concello de Cangas

Unha vez verificada polo secretario a válida constitución do órgano, o presidente abre a sesión, polo que se procede á deliberación sobre os asuntos incluídos na orde do día

### A) PARTE RESOLUTIVA

#### Aprobación das actas das sesións anteriores realizadas en datas 26 de decembro de 2017 e 3 de xaneiro de 2018

**Favorable**

**Tipo de votación:** Nominal

A favor: 7, En contra: 0, Abstencións: 1, Ausentes: 0

A favor

ANDRES GARCIA BASTON  
HÉITOR MERA HERBELLO  
MARIANO ABALO COSTA  
SUSO PEREZ GALLEGO  
TOMÁS HERMELO ÁLVAREZ  
XOSE MANUEL PAZOS VARELA  
XOÁN CHILLÓN IGLESIAS

En contra

---

Abstencións

MERCEDES GIRALDEZ SANTOS

Ausentes

---

A Xunta de Goberno Local, por maioría dos seus membros presentes, acordou aprobar os borradores das actas das sesións anteriores da Xunta de Goberno Local realizadas os días 26 de decembro de 2017 e 3 de xaneiro de 2018.

**Explicacións do sentido do voto:**

1. MERCEDES GIRALDEZ SANTOS:

Xustifica a súa abstención por non ter asistido á sesión da Xunta de Goberno Local do día 3 de xaneiro de 2018.

#### Expediente 15/2018. Solicitud de sinal de pasaxe permanente e sinalización horizontal

**Favorable**

**Tipo de votación:**

Unanimidade/Asentimento

Vista a solicitude de J. I. P. na que solicita o repintado de liñas amarelas para entrada do garaxe do edificio "Garaje Mimosas", sito en rúa Redondela, nº 4-Cangas, a Xunta de Goberno Local acorda o seguinte:

Primeiro.- Autorizar a sinalización horizontal mediante o pintado de liñas amarelas

Concello de Cangas

Avenida de Castelao, 2, Cangas. 36940 (Pontevedra). Tfno. 986300050. Fax: 986304850



para a referida entrada do garaxe, xa que están practicamente borradas.

Segundo.- Conceder a renovación do sinal de pasaxe permanente instalado no portal do garaxe por atoparse deteriorado. Condiciónase a presente autorización á devolución do sinal deteriorado no departamento de Tesourería, que procederá a dar de baixa o antigo número e á concesión dun número novo.

**Expediente 518/2017. Infracción urbanística nº 36/2016-518/2017 (Francisco José Álvarez Pintos)**

**Favorable**

**Tipo de votación:**

Unanimidade/Asentimento

De conformidade co artigo 84 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas e visto o xustificante de pagamento de data 28.11.2017, de F. J. Á. P., en relación co expediente sancionador por infracción urbanística nº 518/2017.

Visto o Decreto da Alcaldía de data 2 de xullo de 2015, polo que se delega na Xunta de Goberno Local a tramitación dos expedientes sancionadores en materia de disciplina urbanística, a Xunta de Goberno Local adopta o seguinte:

ACORDO

PRIMEIRO.- Declarar terminado o procedemento sancionador incoado a F. J. Á. P., por ter realizado no lugar de Donón-O Hío, un cerramento de cachotería sen recuado do camiño, de conformidade co xustificante de pagamento de data 28.11.2017 obrante no expediente.

**Expediente 6800/2017. Dación de conta de resolución da Alcaldía para adxudicación dos lotes 1 e 2 da “Subscrición de diversas pólizas de seguros para o Concello de Cangas”**

**Favorable**

**Tipo de votación:**

Unanimidade/Asentimento

A Xunta de Goberno Local queda informada da seguinte resolución ditada pola Alcaldía:

*"Expediente núm.: C-17/26\_\_6800/2017*

*Contrato: “Subscrición de diversas pólizas de seguros para o Concello de Cangas”*

*Asunto: adxudicación dos lotes 1 (responsabilidade civil) e 2 (flota de vehículos)*



*Visto o expediente de contratación tramitado para a adxudicación de diversas pólizas de seguros privados para o Concello de Cangas iniciado mediante acordo da Xunta de Goberno Local de data 30.10.2017.*

*Visto que iniciada a licitación e previa convocatoria, a mesa de contratación como órgano competente para a valoración das ofertas, realizou proposta de adxudicación dos lotes 1 e 2 a favor da mercantil "MAPFRE ESPAÑA SA", por resultar a súa oferta a mais vantaxosa das achegadas.*

*Visto que esta empresa achegou en tempo e forma (registro nº 2018-E-RC-2 do día 2.01.2018) a documentación xustificativa de cumprir cos requisitos esixidos, o pago do anuncio de licitación e que así mesmo constituíu a garantía correspondente.*

*Por todo o que antecede, en uso das atribucións que a lexislación vixente me confire,*

#### **ACORDO**

*Primeiro.- Adxudicar a "MAPFRE ESPAÑA COMPAÑÍA DE SEGUROS Y REASEGUROS SA", os seguintes seguros:*

- *Lote 1: "Seguro de responsabilidade civil/patrimonial", por importe de trece mil oitocentos euros (13.800,00 €), coas melloras e condicións especificadas na súa oferta.*
  
- *Lote 2: "Seguro da flota de vehículos municipais", por importe de oito mil novecentos vinte e catro euros (8.924,00 €), coas melloras e condicións especificadas na súa oferta.*

*Segundo.- A duración deste contrato privado é de dous (2) anos susceptible de dúas prórrogas de carácter anual.*

*Terceiro.- Dispoñer o gasto que para o Concello supón a subscrición da póliza de RC con cargo á aplicación 920.224 do vixente orzamento municipal e o gasto do seguro da flota de vehículos con cargo ás diferentes aplicacións que correspondan.*

*Cuarto.- Notificar este acordo ao adxudicatario e citar ao seu representante para a*



*formalización do contrato.*

*Quinto.- Notificar a adxudicación do contrato aos licitadores que non resultaron adxudicatarios nos termos previstos no artigo 151.4 do TRLCSP.*

*Sexto.- Comunicar os datos básicos do contrato ao Rexistro de contratos do sector público, de conformidade co disposto no artigo 333.3 do TRLCSP.*

*Sétimo.- Dar traslado deste acordo aos departamentos municipais de Intervención e Apoio Xurídico e dar conta deste á Xunta de Goberno Local para os efectos da súa ratificación".*

**Expediente 2257/2017. C-17/08. Proposta de adxudicación definitiva do posto nº 6 do Mercado de Abastos Municipal (Urxencia)**

**Favorable**

**Tipo de votación:**  
Unanimidade/Asentimento

A Xunta de Goberno acorda aprobar integramente a proposta seguinte:

"Proposta da concelleira de desenvolvemento económico e emprego local

Expediente nº: C-17/08\_\_2257/2017

Concesión demanial para uso privativo do posto de peixaría nº 6 do mercado de abastos

Asunto: proposta de adxudicación definitiva do posto nº 6

Visto o acordo adoptado pola Xunta de Goberno Local en sesión realizada o día 30.10.2017 no que se propoñía a adxudicación dos postos de peixaría nº<sup>OS</sup> 6, 17, 24, 33, 3 e 44 aos licitadores que ofertaran o maior prezo por cada un deles.

Visto o acordo adoptado pola Xunta de Goberno Local en sesión ordinaria realizada en data 18.12.2017, no que se propoñía ter por desistido a don J. P. B. S. da oferta presentada polo posto de peixaría nº 6 e adxudicar ese mesmo posto a J. P. G., como licitador que presentou a seguinte mellor oferta.

Visto que tralo preceptivo requirimento, J. P. G. achegou en tempo e forma a documentación relativa á xustificación de estar ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social e que así mesmo constituíu garantía definitiva e realizou o pagamento correspondente aos gastos polo anuncio de licitación.

Por todo o que antecede, á Xunta de Goberno Local propoño a adopción do seguinte:



Concello de Cangas

## ACORDO

Primeiro.- Adxudicar definitivamente o posto de peixaría nº 6 a J. P. G., polo importe do seu canon ofertado, que ascende á cantidade de sete mil cincocentos euros (7.500,00 €).

Segundo.- Requirir ao adxudicatario para que no prazo de cinco (5) días hábiles proceda a ingresar o importe do canon ofertado na conta bancaria de titularidade municipal.

Terceiro.- Citar ao adxudicatario para a sinatura do documento formalizador da concesión demanial do posto adxudicado, a cal non poderá ter lugar sen o previo pagamento do canon.

Cuarto.- Indicar ao adxudicatario a súa obriga de comunicar á Tesourería Municipal un número de conta no cal domiciliará o pago da taxa que debe aboar polo uso privativo do posto.

Quinto.- Dar traslado deste acordo aos departamentos municipais de Apoio Xurídico, Intervención, Tesourería e ao conserxe encargado da Praza de Abastos Municipal.

## B) ACTIVIDADE DE CONTROL

### **Dación de conta de sinatura de acordos da Comisión Bilateral da Área de Rexeneración e Renovación Urbana do Concello de Cangas**

A Xunta de Goberno Local queda informada da sinatura dos acordos da Comisión Bilateral realizada o día 26.10.2017, remitidos polo Instituto Galego da Vivenda e Solo, referentes á Área de Rexeneración e Renovación Urbana do Concello de Cangas e que se definen de seguido:

- ACORDO ESPECÍFICO ARRU 2017: 12ª FASE C.A. E ZONA AMPLIADA DE CANGAS.
- ADDENDA ACORDO 27.10.2015: 11ª FASE C.A. E ZONA AMPLIADA DE CANGAS.
- ADDENDA ACORDO 14.03.2015: 10ª FASE C.A. E ZONA AMPLIADA DE CANGAS.

## C) ROLDA DE INTERVENCIÓNS LIBRES

Non hai asuntos

**DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE**

**Concello de Cangas**

Avenida de Castelao, 2, Cangas. 36940 (Pontevedra). Tfno. 986300050. Fax: 986304850